

# ***A muller no mercado laboral en Galiza (2011)***



**Gabinete técnico confederal**

# **XUNTAS PODEMOS! AS MULLERES COA FOLGA XERAL.**

Baixo este lema, a Confederación Intersindical Galega (CIG), convoca a tódalas mulleres os actos conmemorativos deste 8 de marzo, día internacional da muller traballadora.

Dende fai anos aproveitamos a data do 8 de marzo para dar a coñecer a situación laboral das mulleres, case sempre para denunciar a súa precaria situación no mercado de traballo, sen esquecermos nunca de comparala coa do home intentando denunciar as diferenzas inxustificadas que se viñan mantendo.

Este ano compre ir un paso máis aló, e facer un chamamento para saír a rúa non so a denunciar dita situación, senón para defender uns dereito, laborais e sociais, adquiridos tras anos de loita de xeracións de traballadoras e traballadores, e que unha de crise económica, esta servindo de pretexto para acabar con eles, ou no mellor dos casos recortalos profundamente.

No último ano, reforma a reforma, estamos asistindo a un verdadeiro atentado contra os dereitos da clase traballadora. Primeiro, en 2010, aprobouse unha reforma laboral para facilitar a saída do mercado laboral axilizando e abaratando o despido; logo unha reforma do sistema de pensións que nos obriga a traballar máis anos pera acadar unha pensión inferior; e recentemente unha nova reforma laboral que afonda máis en tódalas medidas das reformas anteriores, co agadido de combater directamente o contrapoder sindical.

A situación máis precario que soporta a muller galega no mundo laboral, implica unha maior exposición os efectos negativos das últimas reformas.

Máis aló das reformas legais, estamos asistindo día a día, a recortes en determinados servizos públicos, que están minando o xa cativo estado social que dispoñiamos, calquera minoración destes servizos prexudica especialmente á mulleres, xa que o que non aporta o estado acaba por asumilo a muller a través de máis horas de traballo ou renunciando a el, tratse de coidade de dependentes, menores...

Cando se aprobou a reforma das pensións, segundo os datos da memoria económica do anteproxecto de lei sobre a reforma, o 75% dos homes que se xubilaban en xaneiro de 2011 tiña os 38 anos e medio cotizados, no caso das mulleres o 24%, e polo tanto, de entrar a nova lei en vigor inmediatamente poderían xubilarse ós 65 anos e non ter que e esperar ós 67.

Na propia web do Ministerio Economía e Facenda, colgaron un texto que dicía textualmente: "actualmente alrededor de 50% de quienes se jubilan tienen 38,5 años cotizados, pero los cambios socioeconómicos hacen esperar que este porcentaje descienda".; é dicir, a temporalidade, o desemprego, o traballo a tempo parcial leva a que a maioría dos traballadores non teñan cotizados os 38,5 anos, máis as mulleres que son as que teñen a temporalidade máis alta (

hoxe cando temos a máis baixa dos últimos anos é do 27.3% fronte o 22,4% dos homes), o desemprego máis elevado ( 18% fronte ó 16%), o 20% das mulleres teñen un contrato a tempo parcial,os homes o 4%.

Pero a reforma foi máis alá de ampliar a idade de xubilación; alongou os anos de cotización necesarios para ter dereito a pensión máxima, alongou o período de calculo da base reguladora da pensión, mudou o cálculo das lagunas de cotización e modificou o complemento a mínimos.

Punto a punto, a reforma prexudica en maior medida os mulleres que os homes, porque son as mulleres as que teñen carreiras de cotización máis curtas, períodos sen cotizar máis longos, é dicir lagunas de cotización, e as máis beneficiadas polos complementos a mínimos.

Algo semellante ocorre coas reformas laborais, onde unha situación máis endeble nos expón en maior medida os vaivéns do mercado.

Se este é o presente, o futuro non se presenta máis alentador a pesar de que probablemente vamos asistir a unha maior presenza feminina no mercado laboral, froito da necesidade de acadar uns ingresos mínimos no fogar familiar, como ocorre en épocas de crise e de forte medre do desemprego, especialmente do masculino, como está ocorrendo nestes intres. É habitual unha maior afluencia de mulleres en busca de emprego, na medida que o home perde o posto de traballo, e este é precisamente o que manifestan claramente os datos do mercado laboral nestes últimos anos como vamos ver a continuación.

Comezamos analizando as principais variables, con estes datos que se expoñen a continuación, xa temos unha primeira visión, de como esta mudando a situación da muller en Galicia.

Poboación activa segundo sexo. Datos en miles.

	Total		Homes		Mulleres	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Total						
Total	1.300,90	1.311,20	703,6	699,8	597,3	611,4
Analfabetos	1	1,4	0,3	0,8	0,7	0,7
Estudios primarios	125,3	125,2	72,4	66,3	53	58,9
Educación secundaria. 1º etapa	463,5	442,9	273,4	262,5	190,1	180,4
Educación secundaria. 2º etapa	271,3	290	149,7	154	121,6	136
Educación superior	439,8	451,7	207,8	216,3	232	235,4

Fonte: EPA.INE.

Nun momento de forte destrución de emprego, dáse unha maior afluencia de traballadores ó mercado de traballo, a poboación activa medrou un 0,8% de media no ano 2011, medre debido exclusivamente a maior presenza de mulleres, xa que entre os homes descendeu a poboación activa un 0,5%, en

termos absolutos son 14.100 mulleres máis traballando ou buscando emprego, fronte ó descenso de 3.800 homes.

O nivel de estudos adoita ter influencia clara na situación laboral dos traballadores e traballadoras; entre os homes os descensos da poboación activa dáse entre os de nivel inferior de estudos e medra entres os niveis formativos altos, entre as mulleres aumenta practicamente en tódolos niveis, pero especialmente nos de maior formación.

Da táboa anterior tamén se poden extraer outro tipo de conclusións moi interesantes, a saber;

- Cada vez, a participación de homes e mulleres no mercado laboral é máis semellante, neste último ano, as mulleres representan o 47% da poboación activa, e os homes o 53%, 5 puntos de diferenza, cando ata fai poucos anos eran en torno a 15 puntos os que os separaban.
- O nivel de estudos é importante, de feito, onde máis medra a poboación activa é entre os de estudos superiores, tanto entre os homes como entre mulleres.
- O alto nivel de formación da clase traballadora tamén se desprende dos datos anteriores, o 34% da poboación activa ten estudos superiores, no caso da muller, esta porcentaxe elévase ata o 38,5%.
- Con educación superior, son o grupo máis abundante entre a poboación activa feminina, entre os homes abundan máis os de educación secundaria, primeira etapa.

Maior presenza feminina e maior nivel formativa das mulleres en Galicia que forman parte da poboación activa. Vamos a continuación analizar como se distribúen estas activas no mercado de traballo, xa que non é o mesmo estar en activo que ter un traballo. Comezamos pola ocupación.

#### Taxa de ocupación

	Taxa de ocupación		
	2007	2010	2011
Total	50,1	46,2	45,6
Homes	59,7	52,8	51,4
Mulleres	41,4	40,1	40,2

Fonte: EPA.INE.

A taxa de ocupación feminina continúa sendo inferior á masculina a pesar do forte descenso que sufriu esta última desde o ano 2007, (ano a partir do cal se empeza a manifestar os efectos da crise económica no mercado de traballo en Galicia), cunha caída de preto de 5 puntos. No caso da taxa de ocupación feminina, o descenso foi de 1,2 puntos, situándose no 40,2%, é dicir, tan so 40 de cada 100 activas dispoñen dun traballo.

No último ano medrou lixeiramente entre as mulleres e descendeu entre os homes, a pesar do cal a diferenza aínda é de 11, 2 puntos. Antes da crise a diferenza era de 18 puntos.

Temos poucas mulleres con emprego e a maioría delas están ocupadas no sector servizos, como se ve no cadro que aportamos a continuación.

Poboación ocupada segundo sexo e sector económico. Datos en miles

	Total		Homes		Mulleres	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Total	1.100,70	1.083,00	600,8	583,4	499,9	499,5
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	66	64,3	34,2	32,1	31,9	32,2
Pesca e acuicultura	20,6	18,9	16,6	14,7	4	4,2
Industria	171,6	175,5	125,1	126,9	46,6	48,6
Construción	105,2	91,3	97	84,4	8,2	6,9
Servizos	737,2	733	327,9	325,4	409,2	407,6

Fonte: EPA.INE.

O incremento da poboación activa que comentábamnos anteriormente foi totalmente a engrosar a lista de desempregadas, xa que a poboación ocupada feminina descendeu, lixeiramente, pero descendeu, un 0,1%.

O descenso da poboación ocupada masculina foi do 2,9%.

O poboación ocupada feminina é de preto de medio millón, maioritariamente, (o 81,6%), ocupadas en algunha das actividades do sector servizos; no resto dos sectores a presenza feminina é moi residual. Durante 2011, salvo na construción, no sector primario e no industrial medrou no emprego pero non compensou o descenso do 0,8% dos servizos, perdéndose empregos netos en total.

Entre os homes tan so no sector industrial medrou a ocupación, no resto o descenso foi importante, especialmente na construción.

A distribución das ocupadas por ramas de actividade, acércanos un pouco máis a realidade da muller.

Ocupadas por rama de actividade. Datos en miles

Mulleres			
	2010	2011	Variación %
Industria do papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1,1	0,7	-36,4
Información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de entretemento	16,2	13	-19,8
Actividades financeiras e de seguros	10,9	8,8	-19,3
Construción	8,2	6,9	-15,9
Industria téxtil, do coiro e do calzado	10,8	9,5	-12,0
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	30,9	28,9	-6,5
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	2,5	2,4	-4,0
Outros servizos	51,8	50,4	-2,7
Hostalaría	41,8	41,4	-1,0
Comercio por xunto e ao retalho	90,7	89,9	-0,9

Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	27	27,1	0,4
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	31,9	32,2	0,9
Actividades sanitarias e de servizos sociais	63,7	64,4	1,1
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	19	19,7	3,7
Pesca e acuicultura	4	4,2	5,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	21,1	22,8	8,1
Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	1,2	1,3	8,3
Transporte e almacenamento	8,6	9,4	9,3
Educación	43,9	49,1	11,8
Industrias extractivas, fabricación de produtos farmacéuticos,, doutros produtos minerais non metálicos, de produtos metálicos, metalurxia, enerxía, gas e auga	7,3	8,8	20,5
Fabricación de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas	7,1	8,6	21,1
<b>Total</b>	<b>499,9</b>	<b>499,5</b>	<b>-0,1</b>

Fonte: EPA.INE.

O pequeno comercio é a actividade que engloba un maior número de traballadoras, no último ano descendeu o emprego un 0,9% quedando 89.900 no mesmo. Se a esta rama lle engadimos hostalaría, ( na cal descendeu a ocupación feminina un 1% neste último ano), temos que o 26% das traballadoras en Galicia se sitúan entre estas dúas ramas.

O sector público, sexa educación, sanidade, servizos sociais ou a administración xeral, está cada vez máis feminizada ( debido o maior nivel formativo das traballadoras que dos traballadores), e “de momento”, a estabilidade no emprego é moito maior que no sector privado, de feito neste último ano aínda medrou a ocupación feminina en educación e sanidade; o que explica parte deste mellor comportamento do emprego feminino que do masculino.

O menor peso que a muller ten na construción, así como en determinadas industrias moi afectadas por esta crise, fai que o emprego feminino tamén se vexa menos agraviado.

O téxtil, que deu emprego a moitas mulleres en Galicia, estase convertendo en algo residual, tan so no último ano descendeu a ocupación no mesmo un 12%; so 9.500 mulleres teñen esta ocupación nestes intres na nosa comunidade, cando foi unha actividade cun forte peso da ocupación feminina en Galicia.

Con menor presenza, pero cunha evolución moi negativa neste último ano están as actividades financeiras e todo o relacionado coa información e comunicación, en ambas as dúas a destrución de emprego feminino estivo en torno ó 20%.

Pérdese emprego asalariado fundamentalmente, dos 17.700 postos de traballo que se perderon no último ano, 16.900 (14.500 homes), foi entre os asalariados do sector privado ( no sector público medrou a ocupación), o resto

entre axudas familiares e empresarios, neste último caso tan so entre os homes, xa que aumentan as mulleres empresarias.

Ocupados por situación profesional. Datos en miles.

	Total			Variación
	2007	2010	2011	11/10
<b>Total</b>	1.193,40	1.100,70	1.083,00	-1,6
Empresario con asalariados	249	71,3	70,5	-1,1
Traballador independente ou empresario sen asalariados		152,8	151,9	-0,6
Asalariado do sector público	922	196,4	198	0,8
Asalariado do sector privado		666,8	649,9	-2,5
Axuda na empresa ou negocio familiar	21,5	12,2	11,3	-7,4
Outros	0,9	1,1	1,4	27,3
<b>Homes</b>				
Total	678,3	600,8	583,4	-2,9
Empresario con asalariados	147,3	48,7	47,2	-3,1
Traballador independente ou empresario sen asalariados		84,5	83,1	-1,7
Asalariado do sector público	521,1	86,6	88,8	2,5
Asalariado do sector privado		374,3	357,6	-4,5
Axuda na empresa ou negocio familiar	9,4	6,3	6,1	-3,2
Outros	0,6	0,4	0,7	75,0
<b>Mulleres</b>				
Total	515	499,9	499,5	-0,1
Empresario con asalariados	101,7	22,7	23,3	2,6
Traballador independente ou empresario sen asalariados		68,3	68,8	0,7
Asalariado do sector público	401	109,8	109,2	-0,5
Asalariado do sector privado		292,5	292,4	0,0
Axuda na empresa ou negocio familiar	12,1	5,9	5,2	-11,9
Outros	0,3	0,7	0,7	0,0

Fonte: EPA.INE.

O descenso afectou tanto os empresarios con asalariados como os que no, pero unicamente os homes, xa que entre as mulleres aumentou o número de traballadoras por conta allea.

É curioso o fenómeno que se está dando no noso mercado de traballo dende a perspectiva de xénero, xa que non so se está destruindo moito máis emprego masculino que feminino en xeral, senón que entre os empresarios están desaparecendo unicamente empresarios homes e nacemento de empresas a nome de mulleres, tanto con asalariados a cargo como sen eles.

Entre os asalariados, a temporalidade continúa descendendo.

Asalariados segundo tipo de contrato e sexo. Datos en miles

	Total	Homes	Mulleres
--	-------	-------	----------

Total	2010	863,2	460,9	402,4
	2011	847,9	446,4	401,6
Contrato indefinido	2010	646,5	357,7	288,8
	2011	638,2	346,2	292,1
Contrato temporal	2010	216,8	103,2	113,6
	2011	209,7	100,2	109,5
Taxa de temporalidade	2010	25,1	22,4	28,2
	2011	24,7	22,4	27,3

Fonte: EPA. INE.

A taxa media de temporalidade volve a caer un ano máis, o descenso este ano apenas chega ó medio punto e prodúcese exclusivamente entre as mulleres, manténdose entre os homes.

A caída no número de asalariados é moi superior entre os homes (14.500 asalariados menos), e afecta por igual os de contrato indefinido que temporal, por iso non varia a taxa de temporalidade.

Entre as mulleres, tan so se estiman 800 asalariadas menos; ademais aumentan as mulleres con contrato indefinido e descende as de temporal, de aí a caída da taxa de temporalidade. A pesar desta evolución, a taxa de temporalidade feminina supera en preto de 5 puntos a masculina.

Cando falamos dos asalariados por tipo de contrato segundo a EPA, temos en conta todo os que prestan os seus servizos nesta condición nos últimos anos, indistintamente de en que momento ese contrato fora rexistrado; outra cousa distinta son os contratos novos que se rexistran ó longo do ano, que poden variar as porcentaxes anteriores ou non.

A multitude de modalidades de contratación vixentes no noso ordenamento laboral, sexan de carácter indefinido ou temporal, e o abundante número de contratos que se rexistran cada ano, pode parecer nun primeiro momento contradictorio cos datos anteriores, pero non ten por que ser así.

Pode descender o número de contratos rexistrados tanto indefinidos como temporais con respecto ó ano anterior, como de feito ocorre, pero aínda así o número de contratos que se rexistran ó longo do ano é moi elevado, concretamente durante 2011, rexistráronse tan so na nosa comunidade 646.286 novos contratos ( sen contar as conversión en indefinidos de contratos temporais xa existentes), nun ano onde se perderon preto de 20.000 empregos asalariados.

A maioría destes novos contratos foron de carácter temporal, pero aínda así se asinaron contratos indefinidos, o que pon de manifesto que se está destruindo moito posto de traballo fixo, especialmente entre os homes xa que foi onde máis descendeu os asalariados con contrato indefinido totais.



Analizando máis polo miúdo os contratos rexistrados temos.

Se analizamos segundo a estabilidade dos mesmos, os indefinidos descenderon fortemente con respecto a 2010, tanto no caso dos homes 9,6%, como das mulleres, 15,8%. No caso da contratación temporal tan so descendeu entre os homes, un 2%, xa que entre as mulleres medrou un 1,2%.

Contratos iniciais segundo sexo. Datos en miles

		2007	2008	2009	2010	2011	Variación n 11/10
Temporais	Homes	400.115	361.270	313.716	321.315	315.035	-2,0
	Muller	365.809	344.825	302.373	299.297	302.772	1,2
Indefinidos	Homes	27.807	26.231	21.002	18.565	16.782	-9,6
	Muller	21.753	20.192	16.466	13.895	11.697	-15,8
Total	Homes	427922	387.501	334.718	339.880	331.817	-2,4
	Muller	387.544	365.017	318.839	313.192	314.469	0,4

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Dese o ano 2007, o descenso da contratación afectou máis os homes, polo que as diferenzas que existían naquel momento entre homes e mulleres forense paliando, ata na actualidade reducirse a practicamente 17.000 contratos ano.

No que atinxe as distintas modalidades usadas. As diferenzas continúan sendo significativas.

Contratos segundo modalidade e sexo. Ano 2011.

	Homes	Mulleres	Total	Muller/ total
<b>Duración temporal</b>	<b>315.035</b>	<b>302.772</b>	<b>617.807</b>	<b>49,0</b>
Por obra ou servizo determinado	135.029	96.424	231.453	41,7
Event. por circunstancias da prod.	137.182	134.965	272.147	49,6
Interinidade	23.389	62.464	85.853	72,8
Temporal para minusválidos	527	386	913	42,3
Sustit. por xubilación ós 64 anos	47	55	102	53,9
Prácticas	1.477	1.551	3.028	51,2
Formación lei 63/97	2.652	2.220	4.872	45,6
De relevo	716	371	1.087	34,1
Xubilación parcial	1.274	284	1.558	18,2
Outros	12.742	4.052	16.794	24,1
<b>Duración indefinida</b>	<b>16.782</b>	<b>11.697</b>	<b>28.479</b>	<b>41,1</b>
Indefinidos ordinarios	13.295	7.936	21.231	37,4
Indefinidos fomento do emprego	3.210	3.587	6.797	52,8
Minusválidos	277	174	451	38,6

<b>Total</b>	<b>331.817</b>	<b>314.469</b>	<b>646.286</b>	
<b>Indefinidos/Total</b>	<b>5,1</b>	<b>3,7</b>	<b>4,4</b>	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

O peso da contratación indefinida é 8 puntos inferior entre a mulleres que entre os homes, salvo na modalidade de indefinidos fomento do emprego onde o peso destas é moi superior.

Entre as modalidades de duración temporal, o contrato de interinidade continua sendo asinado maioritariamente por mulleres, un 72,8%. Logo, tan so os de prácticas o os de formación se rexistraron maioritariamente o nome de mulleres, pero xa a distancia con respecto os homes é moi cativa.

Este avultado número de contratos que se rexistran cada ano, pon de manifesto a elevada flexibilidade do noso mercado de traballo e as enormes facilidades que hai para despedir os traballadores, ou non renovar o seu contrato; polo que non é esta a causa da crise, máis ben pode ser a crise a consecuencia desta alta flexibilidade e rotación no emprego (no caso das mulleres asinouse unha media de 2,7 contrato por muller asalariada con contrato temporal), que impide a un porcentaxe moi elevado de traballadores, a estabilidade necesaria que lles de confianza para consumir, e tirar da demanda, condición *sine qua non*, para saír da crise no sistema capitalista de consumo no que nos movemos.

Para o anterior non so afecta a estabilidade no emprego, senón tamén a duración da xornada, xa que o nivel de ingresos varia moito de traballar a xornada completa ou facelo de forma parcial.

Ocupados segundo tipo de xornada e sexo. Datos en miles

	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>Variación</b>
Total			
Total	1.100,70	1.083,00	-1,6
Homes	600,8	583,4	-2,9
Mulleres	499,9	499,5	-0,1
Completa			
Total	972,2	951	-2,2
Homes	572,4	552,8	-3,4
Mulleres	399,8	398,2	-0,4
Parcial			
Total	128,4	132	2,8
Homes	28,4	30,6	7,7
Mulleres	100	101,4	1,4

Fonte: EPA. INE.

A conclusión é clara: descenden os traballadores a xornada completa e increméntanse os de xornada parcial tanto entre os homes como entre as mulleres, pero en maior medida entre as homes; aínda así, as mulleres representan o 76,8% dos traballadores a xornada parcial.

Queda agora falar do paro, que a pesar de todo o exposto, medrou máis o entre as mulleres, debido a unha maior afluencia de mulleres en busca de emprego, e non tanto pola perda dun emprego anterior.

Parados segundo sexo. Datos en miles. Variacións en %.

	Total		Homes		Mulleres		Variación %		
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	Total	Home	Muller
<b>Total</b>	<b>184,3</b>	<b>210,6</b>	<b>95,9</b>	<b>108,3</b>	<b>88,4</b>	<b>102,3</b>	<b>14,3</b>	<b>12,9</b>	<b>15,7</b>
Menos de tres meses	30,4	35,1	15,9	18,3	14,4	16,8	15,5	15,1	16,7
De tres a cinco meses	30	31,9	16,4	17,2	13,7	14,7	6,3	4,9	7,3
De seis a doce meses	43,8	44,6	25,2	24,9	18,6	19,6	1,8	-1,2	5,4
Máis dun ano	80,1	99	38,4	47,8	41,7	51,2	23,6	24,5	22,8

Fonte: EPA. INE.

Xa practicamente se estima o mesmo número de paradas que de parados en Galicia no último ano, a pesar do maior medre das mulleres a procura de emprego.

Perden menos emprego que os homes, pero hai un maior número que intentan atopar un posto de traballo. Xa se desprendía dos datos de evolución da poboación activa, e estes datos sobre parados confírmanos; por un lado esta afluencia o mercado de traballo fai que medre moito o número de paradas con pouco tempo a procura de emprego, e por outro os dificultades de atopar un posto de traballo reflíctese no importante medre das paradas de longa duración, que acadan o 50% do total.

Así as cousas as taxas de paro quedan como segue:

Taxa de paro

	2007	2010	2011
Total	7,6	15,4	17,4
Homes	5,7	14,6	16,6
Mulleres	10,0	16,3	18,3

Fonte: EPA.INE.

A taxa media de paro medrou 2 puntos, e afectou na mesma medida os homes que as mulleres, a explicación está que mentres entre os homes medrou moito máis o desemprego dos que xa tiñan traballo, é dicir perderon moitos homes o posto de traballo, entre as mulleres non foi tanto por iso senón polo saída a busca de emprego dun número importante de mulleres que antes eran consideradas poboación inactiva, amas de casa.

Dese o ano 2007 a taxa de paro medrou 10 puntos: 11 puntos a masculina e 8 puntos a feminina; cando no ano 2007 a taxa de paro entre as mulleres duplicaba á dos homes, na actualidade a diferenza é de 2 puntos.

Esta saída a busca dun emprego, reflíctese na evolución da poboación inactiva.

Persoas inactivas por clase de inactividade e sexo.

	2010	2011
<b>Total</b>		
Total	1.082,4	1.065,8
Estudiantes	152,1	149,5
Retirados, xubilados e pensionistas	571,6	590,4
Labores da casa	235,0	216,6
Outros	118,8	102,7
Non sabe. Non refire estado de inactividade	4,8	6,6
<b>Homes</b>		
Total	434,7	435,3
Estudiantes	71,2	69,5
Retirados, xubilados e pensionistas	274,6	284,0
Labores da casa	24,8	25,3
Outros	60,1	51,8
Non sabe. Non refire estado de inactividade	4,0	4,7
<b>Mulleres</b>		
Total	647,8	630,4
Estudiantes	80,9	80,0
Retirados, xubilados e pensionistas	297,0	306,3
Labores da casa	210,3	191,3
Outros	58,7	50,9
Non sabe. Non refire estado de inactividade	0,9	1,9

Fonte: EPA.INE.

A evolución da poboación inactiva é “de libro” nunha situación de crise: medra o número de homes en situación de inactividade, debido o aumento das xubilacións, retiros...os que poden acceder por idade e por levar moitos máis anos no mercado de traballo; en cambio descende entre as mulleres, porque moitos que ata agora se dedicaban os labores da casa vense obrigadas a saír o mercado de traballo o perder o home o posto de traballo.

A crise estanos levando a un acercamento na situación laboral das mulleres e dos homes, pero sempre acercándonos á situación máis negativa, a saber:

- O forte medre do desemprego masculino, fai que as taxas de paro entre homes e mulleres sexan practicamente as mesmas.
- A caída dos salarios medios dos homes fai a diferenza salarial sexan cada vez menor.
- A perda de emprego dos asalariados con contrato indefinido, está igualando as taxas de temporalidade.
- O aumentos de homes traballando a xornada parcial está diminuindo as diferenzas coas mulleres.
- .....

Se este é a situación actual, o futuro, se entre todas e todos, non somos capaces de frear as reformas se están tramitando nestes momentos, pode ser moito máis negro, de aí a necesidade de apoiar a próxima folga xeral.

Vigo, 28 de febreiro de 2012.  
Natividad López Gromaz

Gabinete técnico Confederal.